



PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN CANDIDATOS ERASMUS

INFORMACIÓN, SELECCIÓN E DIFUSIÓN

FASES E CRITERIOS DE PUNTUACIÓN DO PROCESO DE SELECCIÓN:

A selección de candidatos/as estará baseada nos seguintes criterios e ponderacións:

CRITERIOS DE SELECCIÓN	BAREMO	COMO SE VALORA
Expediente académico do candidato/a	30%	Valorarase obtendo a nota media da ponderación das notas finais obtidas en todos os módulos cursados (datos da 1ª avaliación do 2º curso).
Competencia lingüística en inglés ou no idioma do país de destino	30%	Sen acreditación oficial: Proba Escrita de Nivel: Ata 3 puntos Con acreditación oficial: Nivel Competencia B2: 3 puntos Nivel de Competencia B1 1,5 puntos Nivel de Competencia: A2 1 puntos Nivel de Competencia: A1 0,5 puntos Alumnado que asista a algún curso de idiomas +0,5 puntos(deberase xustificar)
Adecuación do perfil do candidato ao programa de mobilidade	30%	Valoración do equipo docente do Ciclo (grao de madurez, capacidade de adaptación a situacións novas, compromiso e responsabilidade no traballo, inqedanzas e outras competencias clave)
Entrevista persoal	10%	Entrevista realizada e valorada polo Comité de Selección de mobilidades.

Coa finalidade de sacar unha **listaxe provisional** de candidatos, o **xoves 30 de xuño de 2016** farase pública unha **relación provisional de candidatos ERASMUS** baseada exclusivamente nos criterios de expediente académico (1º curso) e entrevista persoal.

Con posterioridade, en **Xaneiro de 2017**, farase pública a **listaxe definitiva**, na que se baremarán os resultados das probas de idioma, expediente académico e valoración do equipo docente (actualizada cós datos do 2º curso).



1ª FASE: ENTREVISTA PERSOAL (10%). Luns, 27 de XUÑO.

As entrevistas terán lugar o día 27 de xuño, ante o Comité de Selección, quen emitirá unha avaliación de cada candidato baseada en criterios numéricos. Esta valoración terá un peso dun 10% nos resultados finais.

A/O candidato/a terá que responder a unha batería de preguntas realizadas polo comité de selección, relativas á súa traxectoria académica/profesional, o seu interese no programa Erasmus, a idoneidade do seu perfil para emprender unha mobilidade...etc.

A entrevista versará sobre os seguintes aspectos:

1. Traxectoria do alumnado: Valorarase especialmente a experiencia previa no estranxeiro, os cursos ou títulos acreditativos de coñecemento de idiomas, a experiencia laboral e outros títulos de formación profesional e estudos ou títulos universitarios.
2. Motivación, madurez e autonomía persoal: Con este criterio preténdese valorar o compromiso do alumno co programa e a súa capacidade para solventar os problemas cos que se poida atopar (procura de aloxamento, desprazamento ata o centro de traballo, traballo a realizar na empresa, etc...)
3. A flexibilidade e adaptabilidade do alumnado: Con este criterio preténdese valorar a capacidade do alumnado para adaptarse ás circunstancias, tanto no que respecta ao país e á empresa de destino como ás funcións a desempeñar nela.
4. O compromiso económico: Con este criterio preténdese valorar a capacidade do alumnado para afrontar os gastos que poida supór a realización das prácticas no estranxeiro. Valorarase especialmente o esforzo realizado polo alumnado que ten que financiarse por sí mesmo (traballando e aforrando) polo alto grao de motivación, interese e dinamismo que amosa.

COMITÉ DE SELECCIÓN

A Comisión que valorará aos solicitantes de bolsa ERASMUS para MOBILIDADE DE PRÁCTICAS estará constituída por:

- Un membro do equipo directivo
- Un membro do equipo de programas europeos
- O coordinador de FCT
- Os titores de 1º curso dos ciclos superiores.



2ª FASE: EXPEDIENTE ACADÉMICO (30%) E VALORACIÓN DO EQUIPO DOCENTE DA ADECUACIÓN DOS CANDIDATOS AO PROGRAMA DE MOBILIDADE (30%).

- O expediente académico valorarase obtendo a nota media da ponderación das notas finais obtidas en todos os módulos cursados. Para a listaxe provisional teranse en conta as notas do 1º curso; para a listaxe definitiva, as notas obtidas ao remate do ciclo (datos da 1º avaliación do 2º curso). Este criterio ten un peso dun 30% no resultado final.
- A adecuación do perfil do candidato ao programa de mobilidade: Valorarase a través dos informes individualizados realizados polo equipo docente do ciclo, en base ás actitudes amosadas polo estudante durante os dous cursos. Esta valoración realizarase en **decembro de 2016**.

3ª FASE: PROBA DE LINGUA ESTRANXEIRA (30%). XANEIRO 2017

Na primeira semana de xaneiro convocarase ao alumnado interesado para a realización da proba de idioma:

- Realizarase unha proba escrita do idioma do país de destino (ou inglés) o **XOVES 12 de xaneiro, en horario de tarde**.
- Esta fase será eliminatoria (obrigatorio obter un 5 na cualificación da proba)
- O alumnado que presente algún documento oficial que acredite o nivel de idioma quedará exento de facer esta proba de nivel. A entrega deste documento farase o propio día do exame.
- Os resultados faranse públicos o **LUNS 16 de Xaneiro de 2017**. Nesta mesma data abrirase un período de alegacións de dous días.
- A asistencia a algún curso de idiomas será valorada con 0,5 puntos adicionais. Neste sentido o IES Johan Carballeira ofertará durante o 1º trimestre do curso 16/17, clases de portugués e alemán (en horario vespertino e con periodicidade semanal) dirixidas ao alumnado Erasmus.

Documentación a presentar nesta data (independentemente de se se fai ou non a proba de lingua):

O alumnado entregará o mesmo día da proba escrita do idioma o seu currículum (formato EUROPASS) e unha carta de presentación. Valorarase positivamente a entrega destes documentos no idioma do país de destino ou en inglés.



4ªFASE: PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE PERSOAS SELECCIONADAS. LUNS 22 DE XANEIRO de 2017

Vistos os resultados das probas de idiomas, calculada a nota media do expediente académico e tendo en conta a adecuación do perfil do candidato ao programa de mobilidade, o Comité de Selección confeccionará unha listaxe na que os candidatos/as aparecerán ordenados/as de maior a menor puntuación, indicando o alumnado seleccionado e o que formará parte da lista de reserva.

O resultado farase público o **luns 22 de xaneiro** no taboleiro de anuncios do centro e na web. Para presentar unha reclamación, poderá entregarse un escrito dirixido á dirección do centro ata o **venres 26 de xaneiro**.

REQUISITOS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA:

- A persoa interesada deberá estar matriculada nun Ciclo Superior no IES JOHAN CARBALLEIRA e ter superado todos os módulos do ciclo.
- O/a estudante deberá presentar a solicitude de participación no programa ERASMUS+ nos prazos establecidos que estarán publicados no taboleiro de anuncios e na páxina web do centro.
- O alumnado interesado non poderá ter sido beneficiario dunha bolsa ERASMUS con anterioridade.
- O/a estudante deberá ter un alto grao de madurez, responsabilidade, flexibilidade e adaptabilidade para afrontar con éxito un cambio de vida, costumes e contornas.

CRITERIOS DE EXCLUSIÓN

Quedarán excluídos do proceso de selección:

- As persoas que non superen todos os módulos do Ciclo Formativo de Grao Superior que estean cursando.
- O alumnado que por motivos de forza maior renuncien a ser incluídos no proceso de selección. Esta renuncia deberá estar documentada.
- O alumnado que teña sido obxecto de calquera tipo de medida disciplinaria (faltas de orde, expulsión temporal do centro, apertura de expediente disciplinario, etc.)
- As persoas que non presenten os documentos requiridos (formulario de solicitude, currículo, carta de presentación, etc.) ou que non asistan ás probas ou á entrevista de selección.



LISTAXE DE SOLICITANTES DE BECA ERASMUS PARA MOBILIDADE EUROPEA

- CARLOS ARGIBAY CARBALLO (1º CSAFI)
- DAVID COYA SANTOMÉ (1º CSAFI)
- ROCÍO FILGUEIRA NORES (1º CSAFI)
- ÁLVARO GARCÍA DE LEÓN RODRÍGUEZ (1º CSCM)
- LUIS MIGUEL LOVEIRA COYA (1º CSAFI)
- PAULA NOGUEIRA POUSADA (1º CSAFI)
- ALBA PAZ FERRADÁS (1º CSAFI)
- CARLA RODRÍGUEZ NÚÑEZ (1º CSAFI)